



CONCELLO DE VERÍN
REGISTRO ENTRADA
2021.-E-RC-3756
15/06/2021 09:00

Eu, Laura Seoane Paré, con DNI [REDACTED] e domicilio en [REDACTED]

EXPOÑO:

Que habéndome presentado ao proceso selectivo convocado polo Concello de Verín para cubrir a praza temporal dun traballador/a social do servizo municipal de dependencia.

Presentándome a esta praza de boa fe, coa ilusión que me proporcionaban tanto a miña vocación como a miña formación como profesional dos servizos sociais. E crendo firmemente -agora vexo que dun xeito inxenuo- que as declaracións constitucionais que garanten a igualdade sen distinción do lugar de nacemento ou da filiación de cada un, me facultaban para axudar aos demais en calquera lugar, incluíndo a miña vila.

Decidín optar a esta praza temporal convocada polo Concello de Verín porque a empresa na que estaba traballando acolleuse a un ERTE, e cría que unha ocupación temporal na Axuda á Dependencia da vila na que crecín sería unha opción laboral tan boa coma outra calquera para gañar un pouco máis de experiencia laboral.

Sen embargo, tras verme incurso nun conflito de terribles proporcións que me trascenden, dominado por intereses políticos que intúo só buscan causar o maior dano posible a determinadas persoas moi cercás, e no que me vexo utilizada como arma arrojadiza para atacar directamente a membros da miña familia, renuncio a continuar como aspirante no proceso de selección para a praza de traballador/a social do servizo municipal de dependencia.

SOLICITO:

Que se admita a miña renuncia a continuar en dito proceso selectivo.

En Verín, a 15 de Xuño de 2021

Asdo: Laura Seoane Paré

COPIA AUTÉNTICA
Sello de Órgano de Secretaría | Data: 15/06/2021

